

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN, REINSTALACIÓN E MANTEMENTO DOS XOGOS INFANTÍS, PAVIMENTO CONTINUO DE SEGURIDADE, VALADO E CARTEIS INDICATIVOS NO XARDÍN EXISTENTE NA FONTE DOS RANCHOS NO CONCELLO DE LUGO.

Sendo as 13:30 horas do día 18 de setembro de 2009, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía e emprego, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais don Lino González-Dopeso García, Concelleiro Delegado da Área de Medio Ambiente e Zona Rural, dona Cristina Ares, polo Grupo municipal do Partido Popular, don José Chorén, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario dar lectura ó informe técnico emitido polo técnico municipal de parques e xardíns sobre a **valoración técnica da obras ofertadas** incluídas nos sobres B do que resulta a seguinte puntuación:

	1.1	1.2	Valoración
Jardincelas	0,70	0,30	1
Lappset	2,40	1,40	3,80
Galopin	1,70	1,10	2,80
HPC	1,90	1,30	3,20

Procédese a continuación dos sobres B resultando:

LAPPSET ESPAÑA V.R S.L propón:

- Un prezo de 66.825,80 euros máis o IVE (10.692,13 €), total: **77.517,93** euros IVE incluído
- Un prazo de execución de 15 días
- Un prazo de garantía de 24 meses

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Acta adx suministro xogos infantís Fonte dos Ranchos 2009.doc

Asunto:

JARDINCELAS propón:

- Un prezo de 65.517,24 euros máis o IVE (10.482,76 €), total: **76.000** euros IVE incluído
- Un prazo de execucion de 1 mes
- Un prazo de garantía de 36 meses

HPC IBÉRICA S.A propón:

- Un prezo de 64.318,12 euros máis o IVE (10.290,90 €), total: **74.609,02** euros IVE incluído
- Un prazo de execucion de 1 mes
- Un prazo de garantía de 10 anos para os xogos e 5 anos para o solo de seguridade.

GALOPÍN PARQUES S.L propón:

- Un prezo de 66.438,88 euros máis o IVE (10.630,22 €), total: **77.069,10** euros IVE incluído
- Un prazo de execucion de 19 días laborables
- Un prazo de garantía de 120 meses

Vistas as ofertas presentadas resulta unha puntuacion total para cada licitador de:

	Valoracion técnica	Oferta económica	Prazo execucion	Garantías	TOTAL
Jardincelas	1	3,34	0	0,15	4,49
Lappset	3,80	2,07	0,50	0,1	6,47
Galopin	2,80	2,45	0,03	0,50	5,78
HPC	3,20	4,50	0	0,25	7,95

En consecuencia, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade propoñer a adxudicacion do contrato de referencia a HPC IBÉRICA S.A.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz